



“Interinización” forzosa do persoal temporal

A interinización forzosa non é novidade: vén do 2017

Aínda que algún sindicato se sorprenda agora e descubra o que a Xunta pretende facer co persoal laboral temporal, a interinización forzosa vén dunha modificación da Lei de Emprego Público introducida hai 4 anos pola Lei 2/2017, de medidas fiscais e administrativas.

A CIG xa denunciou daquela os plans da administración

Chamamos á atención sobre este asunto e posicionámonos en contra desta chantaxe xa en xaneiro do 2017, [Lei de medidas fiscais e administrativas 2017](#)

“...o persoal laboral temporal vai ter que optar entre aceptar o cambio a persoal funcionario interino ou o despedimento, sen opción a continuar como persoal laboral temporal.”

Lembrámolo de novo en xaneiro de 2019 no [Boletín sobre o Acordo de Concertación Social](#).

“...rescisión de contrato para quen non acepte pasar a persoal funcionario interino.”

As restricións de permanencia do *Icetazo* pactadas por CCOO, UGT e CSIF

O que vai facer saltar polos aires todo isto é o RD-l 14/2021, o “*Icetazo*”, que vén derivado dun [acordo do Ministerio con CCOO, UGT e CSIF](#) onde se establece que os contratos ou nomeamentos por interinidade non poden exceder dos tres anos.

Consecuencias de conxugar a funcionarización co *Icetazo*

Ao mudar o vínculo xurídico e funcionarizarse (pasar de ser persoal temporal a persoal interino), aplican de cheo a limitación aos nomeamentos dos antigos temporais, agora funcionarios interinos, polo que **ninguén poderá estar máis de 3 anos na praza.**





E se non me quero funcionarizar?

Coa normativa na man, “...nos casos en que o persoal interesado non acepte o nomeamento interino..., a Administración procederá a efectuar os trámites legais tendentes á **extinción da relación laboral**”

Cobraría indemnización?

Sabemos que aínda que estea recollido na LEPT, **a Xunta non vai pagar de oficio**, o que implicará ter que acudir ao xulgado para que indemnicen.

Que pasará con persoal indefinido?

Pois que evidentemente se se lles propón a novación do vínculo xurídico **perderían a indefinición** e pasarían a ser funcionarios interinos en praza vacante por un período non superior a 3 anos (salvo as excepcións que recolle a lei).

Agora ben, isto implicaría que a Xunta se metería nun grave problema se o persoal indefinido non acepta interinizarse e eles extinguen o contrato, polo que en principio non sabemos como queren abordar este asunto pero xa anunciamos a nosa oposición.

Cando se vai aplicar a interinización forzosa?

Parece que a intención da Xunta é iniciala despois da funcionarización do persoal laboral fixo.

A única solución que garante dereitos sería a voluntariedade

Dende a CIG cremos que a única solución a esta perda de dereitos é que a voluntariedade sexa real e que a Xunta admita que quen non queira pasar a ser persoal interino poida permanecer como persoal laboral temporal ou indefinido, e así non ter que novar a relación xurídica co límite dos tres anos.

Mantemos que **a normativa actual deixa marxe para que, previa á funcionarización se saiba que persoas non queren facelo e por tanto non se inicie un proceso**, que de rexeitarse implicaría a extinción do contrato. A voluntariedade sería a mesma solución que se lle aplicou ao persoal laboral fixo coa funcionarización.

